

Parte específica | Tema 30

O Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional.

Normativa reguladora de cualificacións e formación profesional. O Catálogo nacional de cualificacións profesionais. A unidade de competencia. O catálogo modular de formación profesional. Os certificados de profesionalidade e os títulos de formación profesional. O Instituto Nacional de Cualificacións e o Instituto Galego de Cualificacións.





© 2024 - Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

Dispoñible baixo licenza [CC BY-NC-SA 4.0](#)



BY: en caso de citar os contidos, debe outorgarse crédito da autoría á Xunta de Galicia.

NC: só se permite o uso non comercial da obra.

SA: as adaptacións que se elaboren deben compartirse coa mesma licenza.

AVISO DE EXENCIÓN DE RESPONSABILIDADE.

Estes contidos non son un temario oficial.

Supoñen unicamente unha ferramenta de axuda que a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pon a disposición de todas as persoas interesadas en participar nos procesos selectivos para o ingreso no corpo de xestión da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A2, escala de orientación laboral.

Os contidos responden á normativa, documentos e outras referencias que estaban vixentes no momento da súa elaboración, polo que poden ter sufrido cambios co decurso do tempo. Comprobe sempre e vixencia dos contidos e empregue as últimas versións dispoñibles.



Índice

1	O Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional. Normativa reguladora de cualificacións e formación profesional.....	4
1.1	Funcións, obxectivos e instrumentos	4
1.2	Elementos integrantes do Sistema de Formación Profesional.....	8
2	O Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.....	8
3	A unidade de competencia.....	13
4	O catálogo modular de formación profesional	14
5	Os certificados de profesionalidade e os títulos de formación profesional.....	15
6	O Instituto Nacional de Cualificacións Profesionais e o Instituto Galego das Cualificacións.....	24
6.1	O Instituto Nacional de Cualificacións profesionais	24
6.2	O Instituto Galego das Cualificacións	27



1 O Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional. Normativa reguladora de cualificacións e formación profesional

O Sistema de Formación Profesional vixente en España regúlase no Título I da Lei Orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional (en diante, LOFP).

1.1 Funcións, obxectivos e instrumentos

I. Composición e funcións (artigo 5 da LOFP).

O Sistema de Formación Profesional está composto polo conxunto articulado de actuacións dirixidas a:

- Identificar as competencias profesionais do mercado laboral.
- Asegurar as ofertas de formación idóneas.
- Posibilitar a adquisición da correspondente formación ou, no seu caso, o recoñecemento das competencias profesionais.
- Pór a disposición das persoas un servizo de orientación e acompañamento profesional que permita o deseño de itinerarios formativos individuais e colectivos.

É función do Sistema de Formación Profesional:

- O desenvolvemento persoal e profesional da persoa.
- A mellora continuada da súa cualificación ao longo de toda a vida.
- A garantía da satisfacción das necesidades formativas do sistema produtivo e do emprego.

A función a que se refire o parágrafo anterior cumprírase conforme a un modelo de formación profesional, de recoñecemento e acreditación de competencias e de orientación profesional baseado en itinerarios formativos facilitadores da progresión na formación e estruturado nunha dobre escala:

- Cinco graos ascendentes (A, B, C, D e E) descritivos das ofertas formativas organizadas en unidades deseñadas segundo o Catálogo Nacional de Estándares de Competencias Profesionais.
- Tres niveis de competencia profesional (1, 2 e 3), de acordo co disposto no Catálogo Nacional de Estándares de Competencia Profesional, segundo os



criterios establecidos de coñecementos, iniciativa, autonomía e complexidade das tarefas, en cada unha das ofertas de formación profesional.

O modelo a que se refire o parágrafo anterior asegurará en todo caso:

- A apertura da formación profesional a toda a poboación, incluíndo a preparación para o primeiro acceso ao mundo laboral, a formación profesional continua e a readaptación profesional, coa orientación profesional e acompañamento que cada persoa precise.
- A achega, mediante ofertas formativas ordenadas, acumulables e acreditables, dos coñecementos e as habilidades profesionais necesarios para unha actividade profesional cualificada nun mundo laboral cambiante.
- A adquisición, mantemento, adaptación ou ampliación das habilidades e competencias profesionais e o progreso na carreira profesional.
- A reconversión profesional e a recondución do itinerario profesional a un sector de actividade distinto.
- O recoñecemento e acreditación de competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral ou outras vías non formais ou informais.
- A promoción da cooperación e xestión coordinada das distintas administracións públicas e a colaboración da iniciativa privada.

II. Obxectivos (artigo 6 da LOFP).

Son obxectivos do Sistema de Formación Profesional:

- O desenvolvemento dun Sistema de Formación Profesional de calidade ao longo da vida, en equidade, significativo persoal e socialmente e para o tecido produtivo, que satisfaga tanto o desenvolvemento da personalidade como as necesidades individuais de cualificación, adaptación e reciclaxe profesional, así como as dos sectores produtivos, e supoña a creación sostida de valor para as persoas e as empresas.
- A cualificación das persoas para o exercicio de actividades profesionais, promovendo a adquisición, consolidación e ampliación de competencias profesionais e básicas coa polivalencia e funcionalidade necesarias para o acceso ao emprego, a continuidade no mesmo e a progresión e desenvolvemento profesional, así como a rápida adaptación aos retos de futuro derivados de contornas de traballo complexos.
- A posta a disposición das empresas e sectores produtivos dos perfís profesionais necesarios en cada momento, tendo en conta o carácter determinante, para a competitividade das empresas, da cualificación das



persoas traballadoras, a súa flexibilidade, rapidez de adaptación, polivalencia e transversalidade.

- A observación continua da evolución da demanda e a oferta de profesións, ocupacións e perfís no mercado de traballo para a prospección e identificación das necesidades de cualificación.
- A oferta de formación actualizada e suficiente, que incorpore de maneira proactiva e áxil tanto as competencias profesionais emerxentes, como a innovación, a investigación aplicada, o emprendemento, a dixitalización, a sostibilidade e a emerxencia climática, en tanto que factores estruturais de éxito no novo modelo económico.
- A configuración flexible, modular e acorde coas formulacións a escala da Unión Europea da formación profesional, baseada en itinerarios formativos:
 - Accesibles, progresivos, acumulables e adaptados ás necesidades individuais e colectivas, tendo en conta a idade, o sexo, a discapacidade no seu caso, e a situación persoal ou laboral e
 - Dirixidos a un abano de perfís profesionais comprensivo, desde os xeralistas ata os altamente especializados.
- O impulso da dimensión dual da formación profesional e dos seus vínculos co sistema produtivo nun marco de colaboración público-privada entre administracións, centros, empresas ou organismos equiparados, organizacións empresariais e sindicais, entidades e terceiro sector para a creación conxunta de valor, o aliñamento dos obxectivos e proxectos estratéxicos comúns, a superación da fenda urbano/rural a través dunha axeitada adaptación territorial, e o uso eficaz dos recursos en contornos formativos e profesionais.
- A definición e o establecemento dun modelo de gobernanza, respectuoso cos ámbitos competenciais, que incorpore o papel das organizacións empresariais e sindicais máis representativas e a súa participación e cooperación cos poderes públicos nas políticas do Sistema de Formación Profesional.
- A facilitación da acreditación e o recoñecemento das competencias profesionais vinculadas ao Catálogo Nacional de Estándares de Competencias Profesionais, adquiridas mediante a experiencia laboral ou outras vías non formais ou informais.
- A provisión de orientación profesional que facilite ás persoas, ao longo da vida, a toma de decisións na elección e xestión das súas carreiras formativas e profesionais, combatendo os estereotipos de xénero, os relacionados coa discapacidade ou as necesidades específicas de apoio educativo, colaborando na construción dunha identidade profesional motivadora de futuras



aprendizaxes e adaptacións á evolución dos procesos produtivos e ao cambio social, e favorecendo o coñecemento das oportunidades existentes ou emerxentes nos contornos rurais e as zonas en declive demográfico.

- O fomento da igualdade efectiva de oportunidades entre as persoas no acceso e desenvolvemento do seu proceso de formación profesional para todo tipo de opcións profesionais, e a eliminación da segregación formativa existente entre mulleres e homes.
- A promoción da igualdade de oportunidades das persoas con discapacidade e, en xeral, de persoas e colectivos con dificultades de inserción socio laboral no acceso e o proceso de formación profesional habilitante e facilitadora da inserción no mercado laboral.
- O incremento da presenza social da formación profesional como opción de valor para o emprego e a progresión académica, tanto reforzando a relación e cooperación entre os sistemas de formación profesional e universitario, como contribuíndo á erradicación do abandono temperán sen unha cualificación profesional que garanta unha empregabilidade sostida.
- O impulso da participación das persoas adultas, para a súa cualificación ou recualificación, en accións de formación profesional como elemento integrado no desempeño profesional e a vida laboral e única forma de lograr o maior grao de especialización que demandan ámbitos cada vez máis complexos.
- A promoción da planificación integrada en cada territorio dunha oferta de formación profesional ao longo da vida, así como da complementariedade das redes de centros de formación profesional, e o uso compartido das súas instalacións e recursos.
- A xeración de circuitos interautonómicos e transnacionais de transferencia de coñecemento entre centros, empresas ou organismos equiparados, entidades, docentes, e persoas en formación, promovendo proxectos de mobilidade.
- A extensión do coñecemento de linguas estranxeiras no ámbito profesional.
- A actualización permanente das competencias do persoal docente e formador que lles permitan deseñar e adecuar os procesos formativos acordes coas novas necesidades produtivas e sectoriais, así como ás propias do alumnado, especialmente o alumnado con necesidades específicas.
- A posta en marcha e o mantemento dun proceso de avaliación e mellora continua da calidade do Sistema de Formación Profesional, en particular o seu carácter dual, que proporcione información sobre o seu funcionamento e adecuación ás necesidades formativas individuais e do sistema produtivo, e

promova a investigación sobre o modelo de formación profesional, así como o seu impacto sobre as dimensións de mellora do emprego e da produtividade.

1.2 Elementos integrantes do Sistema de Formación Profesional

O Sistema de Formación Profesional concrétase en (artigo 7.1):

- O Catálogo Nacional de Estándares de Competencias Profesionais (regulado nos artigo 8 e 9).
- O Catálogo Modular de Formación Profesional (regulado no artigo 10).
- O Catálogo Nacional de Ofertas de Formación Profesional (regulado nos artigo 11 e 12).
- Os elementos básicos dos currículos (regulados no artigo 13).

Serven á xestión do Sistema de Formación Profesional (artigo 7.2):

- O Rexistro Estatal de Formación Profesional (regulado nos artigos 14 e 15).
- O Rexistro Estatal de Acreditacións de Competencias Profesionais Adquiridas por Experiencia Laboral ou Vías Non Formais e Informais (regulado nos artigos 16 a 18).
- O Rexistro Xeral de Centros de Formación Profesional (regulado nos artigos 19 a 21).

Habilitaranse as ferramentas para garantir a difusión, información e acceso aos instrumentos de concreción e xestión do Sistema de maneira accesible para todas as persoas (artigo 7.3).

2 O Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais

Conforme ao previsto no apartado 1 da disposición transitoria terceira da LOFP, ata que se proceda ao desenvolvemento regulamentario do previsto na devandita lei en relación co Catálogo Nacional de Estándares de Competencias Profesionais, manterá a súa vixencia a ordenación do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais recollida no Real Decreto 1128/2003, de 5 de setembro, polo que se regula o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

I. Obxecto e ámbito de aplicación (artigo 1).

O obxecto deste real decreto é determinar a estrutura e contido do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, creado pola Lei Orgánica 5/2002, de 19 de xuño, das Cualificacións e da Formación Profesional.



A Lei Orgánica 5/2002 ten sido derogada expresamente pola Disposición derogatoria única da LOFP. Neste sentido, compre ter en conta o anteriormente indicado en relación co contido da Disposición transitoria terceira da propia LOFP, mencionada anteriormente.

O Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais ten validez e é de aplicación en todo o territorio nacional.

II. Natureza do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais (artigo 2).

O Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais é o instrumento do Sistema Nacional das Cualificacións e Formación Profesional que ordena as Cualificacións profesionais, susceptibles de recoñecemento e acreditación, identificadas no sistema produtivo en función das competencias apropiadas para o exercicio profesional.

O Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais inclúe o contido da formación profesional asociada a cada cualificación, de acordo cunha estrutura de módulos formativos articulados nun catálogo modular de formación profesional.

III. Finalidade e funcións do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais (artigo 3).

O Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais ten os seguintes fins:

- Facilitar a adecuación da formación profesional aos requirimentos do sistema produtivo.
- Promover a integración, o desenvolvemento e a calidade das ofertas de formación profesional.
- Facilitar a formación ao longo da vida mediante a acreditación e acumulación de aprendizaxes profesionais adquiridos en diferentes ámbitos.
- Contribuír á transparencia e unidade do mercado laboral e á mobilidade dos traballadores.

Para o logro dos fins indicados no apartado anterior, o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais permitirá realizar as seguintes funcións:

- Identificar, definir e ordenar as Cualificacións profesionais e establecer as especificacións da formación asociada a cada unidade de competencia.
- Establecer o referente para avaliar e acreditar as competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación.

O Catálogo Nacional das Cualificacións Profesionais constitúe a base para elaborar a oferta formativa conducente á obtención dos títulos de formación profesional e dos certificados de profesionalidade e a oferta formativa modular e acumulable asociada



a unha unidade de competencia, así como doutras ofertas formativas adaptadas a colectivos con necesidades específicas. Así mesmo, contribuirá, co resto dos instrumentos e accións establecidos, ao desenvolvemento do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional en materia de información e orientación profesional e na avaliación e mellora da calidade do mesmo.

IV. Estrutura do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais (Artigo 4).

O Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais está constituído polas Cualificacións profesionais máis significativas, identificadas no sistema produtivo, ordenadas cos criterios que se establecen neste real decreto. Conterá tamén a formación asociada ás Cualificacións profesionais que constituirán o catálogo modular de formación profesional.

As Cualificacións profesionais que integran o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais ordenaranse por niveis de cualificación e por familias profesionais.

As familias profesionais nas que se estrutura o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais son as que se indican no anexo I deste real decreto, atendendo a criterios de afinidade da competencia profesional.

Os niveis de cualificación profesional son os que se establecen no anexo II atendendo á competencia profesional requirida polas actividades produtivas con arranxo a criterios de coñecementos, iniciativa, autonomía, responsabilidade e complexidade, entre outros, da actividade a desenvolver.

V. As cualificacións profesionais (artigo 5).

Aos efectos deste Real Decreto, enténdese por:

- **Cualificación profesional.**

O conxunto de competencias profesionais con significación para o emprego que poden ser adquiridas mediante formación modular ou outros tipos de formación, así como a través da experiencia laboral.

- **Unidade de competencia.**

O agregado mínimo de competencias profesionais, susceptible de recoñecemento e acreditación parcial, aos efectos previstos no artigo 8.3 da Lei Orgánica 5/2002, de 19 de xuño, das Cualificacións e da Formación Profesional.

○ **Competencia profesional.**

O conxunto de coñecementos e capacidades que permiten o exercicio da actividade profesional conforme ás esixencias da produción e o emprego.

As cualificacións profesionais que se incorporen ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais deberán conter, polo menos, os seguintes elementos, sen que iso constitúa regulación do exercicio profesional:

- Os datos de identificación da cualificación, nos que figurarán: a denominación oficial, a familia profesional na que se inclúe, o nivel de cualificación e un código alfanumérico.
- A competencia xeral, que describe de forma abreviada o labor e funcións esenciais do profesional.
- As unidades de competencia, que corresponden á cualificación.
- O contorno profesional, no que se indica, con carácter orientador, o ámbito profesional, os sectores produtivos e as ocupacións ou postos de traballo relacionados.
- A formación asociada, estruturada en módulos formativos.

VI. Elaboración e actualización do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais e do catálogo modular de formación profesional (artigo 9).

O Goberno, previa consulta ao Consello Xeral da Formación Profesional, sen prexuízo das competencias que o Consello Escolar do Estado ten atribuídas, segundo os artigos 30 e 32 da Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación, aprobará as Cualificacións profesionais que proceda incluír no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, así como os módulos formativos do catálogo modular de formación profesional.

O Instituto Nacional das Cualificacións, de acordo co que se establece no artigo 5.3 da Lei Orgánica 5/2002, de 19 de xuño, das Cualificacións e da Formación Profesional, é o responsable de elaborar e manter actualizado o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais e o catálogo modular de formación profesional, e, para ese efecto, presentará a oportuna proposta ao Consello Xeral de Formación Profesional.

A elaboración e actualización do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais realizarase mediante procedementos acordados entre a Administración laboral e a Administración educativa, previa consulta ao Consello Xeral de Formación Profesional. Así mesmo, estableceranse, mediante orde do Ministro da Presidencia, ditada a proposta dos titulares dos Ministerios de Educación e Ciencia e Traballo e Asuntos Sociais, os protocolos de colaboración e consulta coas diferentes



comunidades autónomas e as demais Administracións públicas competentes, así como cos interlocutores sociais e cos sectores produtivos implicados no Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional, que incluírán, entre outros aspectos, o procedemento a seguir por outros axentes para propor ao Instituto Nacional das Cualificacións novas Cualificacións ou a actualización das xa existentes.

O Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais e o catálogo modular de formación profesional manteranse permanentemente actualizados mediante a súa revisión periódica que, en todo caso, deberá efectuarse nun prazo non superior a 5 anos a partir da data de inclusión da cualificación no catálogo.

Regulación na LOFP do Catálogo Nacional de Estándares de Competencias Profesionais, que deberá ser obxecto de desenvolvemento regulamentario segundo a disposición transitoria terceira da devandita LOFP.

Artigo 8. Definición e funcións.

1. O Catálogo Nacional de Estándares de Competencias profesionais é o instrumento do Sistema Nacional de Formación Profesional que ordena os estándares de competencias profesionais identificados no sistema produtivo, en función das competencias apropiadas e o estándar de calidade requirido para o exercicio profesional, susceptibles de recoñecemento e acreditación.

2. Sobre a base da observación e a análise permanente do sistema produtivo e as demandas da sociedade, o Catálogo Nacional de Estándares de Competencias Profesionais:

- a) Identificará, clasificará e ordenará as competencias propias do mercado laboral significativas para a economía produtiva con validez en todo o territorio nacional. O catálogo poderá, así mesmo, recoller aqueles perfís profesionais que, polo seu específico valor cultural ou patrimonial, requiran unha especial protección.*
- b) Operará como referencia obrigada para a acreditación de competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral ou outras vías non formais ou informais.*
- c) Proporcionará a base para o deseño dos módulos profesionais e a creación de ofertas de formación profesional, baseadas en itinerarios, acumulables e acreditables ao longo da vida, así como para a mobilidade nun mercado de traballo internacional sobre a base de transparencia e, no seu caso, equivalencia de marcos comúns entre os diferentes sistemas nacionais de formación profesional da Unión Europea.*

Artigo 9. Contido e organización.

1. O contido do Catálogo Nacional de Estándares de Competencias Profesionais organizarase en estándares de competencia, por niveis e familias profesionais cos seus respectivos indicadores de calidade no desempeño, con arranxo ás seguintes regras:



- a) Os niveis 1, 2 e 3 asignados a cada estándar de competencia seguirán segundo criterios acordados cos comunmente establecidos a escala europea, relativos a coñecementos, iniciativa, autonomía, responsabilidade e complexidade das tarefas.
 - b) As familias profesionais definiranse, a efectos orientativos e de organización do sistema, atendendo a criterios de afinidade da competencia profesional, podendo un estándar de competencia vincularse a máis dunha familia profesional.
 - c) Os estándares de competencia constitúen a unidade básica para o deseño da formación e para a acreditación de competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral ou outras vías non formais ou informais.
 - d) Os estándares de competencia compóñense de elementos de competencia, que identifican as realizacións profesionais incluídas neles.
 - e) Os estándares de competencia poderán ter, excepcionalmente, carácter transversal, cando se refiran a competencias non asociadas a unha ou varias familias profesionais específicas, senón a múltiples desempeños profesionais.
2. A organización do Catálogo favorecerá a transparencia dos estándares de competencia no contexto internacional e particularmente no europeo.
3. A inclusión de estándares de competencia profesionais no Catálogo non suporá regulación de exercicio profesional algún, nin afectará o contido das relacións laborais.
4. Promoverase:
- a) A utilización do Catálogo como ferramenta de empregabilidade das persoas, facilitando a mellor visión do conxunto das súas competencias e das súas potencialidades.
 - b) O uso do Catálogo polas persoas empregadoras na procura e definición de perfís profesionais que requiran en cada momento.

3 A unidade de competencia

Conforme ao indicado no Real Decreto 1128/2003, do 5 de setembro, polo que se regula o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, enténdese por unidade de competencia o agregado mínimo de competencias profesionais, susceptible de recoñecemento e acreditación parcial (artigo 5.1).

A unidade de competencia contén os elementos seguintes (artigo 6):

- Datos de identificación, nos que figurarán a denominación, o nivel e o código asignado.



- As realización profesionais, entendidas como elementos da competencia que establecen o comportamento esperado da persoa, en forma de consecuencias ou resultados das actividades que realiza.
- Os criterios de realización, que expresan o nivel aceptable da realización profesional que satisfai os obxectivos das organizacións produtivas e constitúe unha guía para a avaliación da competencia profesional.
- O contexto profesional, que describe, con carácter orientador, os medios de produción, produtos e resultados do traballo, información utilizada ou xerada e cantos elementos de análoga natureza se consideren necesarios para enmarcar a realización profesional.

Os módulos formativos en relación coas unidades de competencia.

Enténdese por módulo formativo o bloque coherente de formación asociado a cada unha das unidades de competencia que configuran a cualificación (artigo 8.1).

Cada módulo formativo terá un formato normalizado que incluírá os datos de identificación e as especificacións da formación (artigo 8.2).

Os datos de identificación incluírán (artigo 8.3):

- *A denominación*
- *O nivel de cualificación ao que se vincula.*
- *Un código alfanumérico.*
- *A unidade de competencia á que está asociado*
- *A duración da formación expresada en horas. As ofertas formativas poderán graduar, para a súa impartición, esta duración en función do colectivo destinatario, a modalidade da formación, o número de alumnos e outros criterios obxectivos.*

4 O catálogo modular de formación profesional

Ata que se proceda ao desenvolvemento regulamentario do previsto na presente lei en relación co Catálogo Modular de Formación Profesional, manterá a súa vixencia a ordenación do devandito catálogo recollida no Real Decreto 1128/2003, de 5 de setembro, polo que se regula o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, segundo o apartado 2 da disposición transitoria terceira da LOFP.

O catálogo modular de formación profesional é o conxunto de módulos formativos asociados ás diferentes unidades de competencia das cualificacións profesionais. Proporciona un referente común para a integración das ofertas de formación profesional que permita a capitalización e o fomento da aprendizaxe ao longo da vida (artigo 7.1).



Mediante o catálogo modular de formación profesional promoverase unha oferta formativa de calidade, actualizada e adecuada aos distintos destinatarios de acordo coas súas expectativas de progresión profesional e de desenvolvemento persoal.

Atenderá, así mesmo, ás demandas de formación para a adquisición das competencias requiridas polos sectores produtivos e o aumento da competitividade, a través do incremento da cualificación da poboación activa (artigo 7.2).

Regulación na LOFP do Catálogo Modular de Formación Profesional, que deberá ser obxecto de desenvolvemento regulamentario segundo a disposición transitoria terceira da devandita LOFP (artigo 10):

1. O Catálogo Modular de Formación Profesional é o instrumento do Sistema Nacional de Formación Profesional que ordena os módulos profesionais de formación profesional asociados a cada un dos estándares de competencias profesionais.

2. O Catálogo Modular de Formación Profesional:

a) Determinará os módulos profesionais vinculados a cada un dos estándares de competencias profesionais recollidos no Catálogo Nacional de Estándares de Competencias Profesionais.

b) Operará como referencia obrigada para o deseño das ofertas do Catálogo Nacional de Ofertas de Formación Profesional.

3. O contido do Catálogo Modular de Formación Profesional organizarase respectando os niveis e as familias profesionais dos estándares de competencia profesional cos seus respectivos indicadores de calidade no desempeño e favorecendo a transparencia da vinculación directa entre cada estándar de competencia profesional e a formación asociada, agregada nun módulo profesional.

4. Os módulos profesionais permitirán, polo seu deseño, identificar a formación vinculada a cada elemento do estándar de competencia e deberán detallar, polo menos:

a) Os resultados de aprendizaxe vinculados aos elementos de cada estándar de competencia profesional.

b) Os criterios de avaliación.

5 Os certificados de profesionalidade e os títulos de formación profesional

A relación entre os certificados de profesionalidade e os títulos de formación profesional desenvólvese a través do Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional, concretamente a



través do Capítulo III do seu Título II (Graos do Sistema de Formación Profesional), dedicado ao Grao C.

Artigo 4. Graos.

1. As ofertas do Sistema de Formación Profesional responden tipoloxicamente aos seguintes graos secuenciais:

- a) Grao A. Acreditación parcial de competencia (niveis 1, 2 ou 3).*
- b) Grao B. Certificado de competencia (niveis 1, 2 ou 3).*
- c) **Grao C. Certificado profesional (niveis 1, 2 ou 3).***
- d) Grao D. Ciclo formativo de grao básico, grao medio ou grao superior (niveis 1, 2 ou 3 respectivamente).*
- e) Grao E. Curso de especialización, de grao medio ou grao superior (niveis 2 ou 3 respectivamente).*

Calquera dos graos deberá adaptarse ás persoas con necesidades específicas de apoio educativo ou formativo para garantir o acceso, a permanencia e a progresión na aprendizaxe, facilitando o proceso de adquisición das competencias definidas e que constitúen o perfil profesional completo ou parcial asociado ao grao.

2. As ofertas organízanse:

- a) As do Grao A, nun ou varios bloques formativos menores que o módulo profesional.*
- b) As dos Graos B, C, D e E, en módulos profesionais de duración variable.*

3. Para ser susceptibles de acreditación, certificación ou titulación con validez estatal, as ofertas do sistema deben estar inscritas no Catálogo Nacional de Ofertas de Formación Profesional, quedando prohibida a utilización das denominacións dos Graos ou as súas correspondentes acreditacións, certificados ou titulacións en ofertas de formación incluídas no Sistema de Formación Profesional e recoñecidas nel.

4. Co fin de atender a perfís profesionais específicos e a petición das administracións competentes, o Ministerio de Educación e Formación Profesional poderá incorporar ao Catálogo Nacional de Ofertas de Formación Profesional novos deseños de ofertas de formación profesional, sempre vinculadas ao Catálogo Nacional de Estándares de Competencias Profesionais.

I. Ordenación (artigo 67).

